

ACTA DO PROXECTO CÁRCERE



Data: 11 de xullo de 2012.

Lugar: Praza das mulheres livres (Atochas).

Presentes: Mariola, SuzieQ, Carmen, Ángel, Cris, Lydia, Patxi, Javi, Alberto, Sandra, Laura, Tomi, Pepe e Tono.

Modera: Sandra

Acta: Tono

Comeza ás 20:45 h polo primeiro punto da orde do día que é a **valoración da Xornada de presentación do Plan de viabilidade** celebrada no CEIP Curros Enríquez o 28 de xuño de 2012,.

Valórase que o texto do documento está ben escrito, as liñas ideolóxicas están claras, con este tipo de accións amplíanse o número de persoas interesadas.

O plan reflicte o noso espírito.

Foi un bonito día.

As persoas coas que contactamos cara a botarnos unha man sempre responden estupendamente como neste caso Marcos Casás, Francisco Galán, o Colectivo Zocamiñoa, Escuchando Elefantes, Gonçalo Guerreiro, Malandrina e o colexio Curros Enríquez que tivo unha grande xentileza ó deixarnos o seu espazo.

A xente sabe que Proxecto Cárcere existe mais non sabe o que é.

Temos que facernos entender.

Proponse a posibilidade de optar por lugares máis pequenos para amosar que somos e organizar estratexias para rodearnos de positivismo.

Ser máis dinámicos.

A xornada estivo moi ben preparada.

Mariola, Pepe e Patxi faláron moi ben.

Para todas as persoas do Proxecto Cárcere a valoración é moi positiva.

Temos o dossier feito.

Hai que divulgar máis.

Facer unha presentación máis didáctica.

É o momento de seguir. A sensación é de que se pode chegar a moito máis.

Asumir e ter distancia do que levamos feito.

Traballo simple e ir á rúa.

Grupos de dúas persoas e sair a plantexalo.

Como segundo punto está o **futuro**. Fálase de chamar a atención nalgures e proponse facer pancartas e poñelas nos muros das praias.

Tamén facer pasarrúas para que saiban de nós.

Poñer unha mesa a carón do cárcere para estar a pé de obra.

Hai que atopar fórmulas de chamar a atención vivas e creativas.

Amosar o dossier.

Contactar coa xente, ensinalo a todos os partidos.

Fálase de comezar o programa de CUACFM.

Facer un video de presentación do Proxecto Cárcere.

Traballando como estamos facendo é como se fai.

Se o concello non di nada, facer que a oposición fale nun pleno da nosa idea xa concreta.

O terceiro punto é o **informe** de Lydia e Laura debido á súa asistencia ó encontro da rede transibérica de centros culturais independentes celebrada en Burgos.

Relatan as compañeiras que a nivel xeral amosáronse moi interesadas todas as persoas que asistiron con Proxecto Cárcere.

Hai nove colectivos, entre eles Acerca de Valladolid e Espacio Tangente de Burgos ou La Hacería de Bilbao.

Esta rede pretende ser un apoio duns colectivos con outros.

Fálase de celebrar en outono outra xuntanza en Bilbao.

Falouse tamén da Coruña.

Hai que desenvolver proxectos conxuntos.

Pensamos en asumir unha organización dun evento cara a conseguir forza interna e compartir experiencias.

Había nove colectivos en Burgos.

Tamén se debate que participar na rede transibérica significaría asumir moitas tarefas.

As compañeiras viñeron contentas da súa estada.

O último punto trata da **xuntanza coa AVV Monte Alto** e resólvese pedir máis información da súa proposta, mediante un escrito.

Varios:

Xa no CSA Gomes Gaioso informa Tono da súa visita á CSA Tabacalera de Lavapiés e da xuntanza con dúas das persoas que autoxestionan o espazo.

Fannos partícipes da lei que ampara o convenio que teñen asinado co ministerio de cultura e informannos do estado en precario no que se desenvolve dito documento e que están de continuo baixo sospeita.

A cafetería é o que sustenta a totalidade das súas contas e tamén o ministerio asume os gastos cotiáns de luz e auga, así como a seguridade.

Remata a asemblea ás 23:00 h.